


4.b A función Cloze e a introdución dunha táboa

A función cloze serve para escribir textos con ocos para encher. Abrimos JCloze e vemos o cadro seguinte:



No cadro gris podemos escribir un texto ou importalo coas funcións de cortar e pegar. Logo marcamos unha palabra e premamos no botón **1** para producir un oco. Volvemos mais tarde a este punto, por agora pechamos o cadro de diálogo que se abre.

Se nos equivocamos e queremos eliminar o oco, premamos no botón **2**. Se queremos eliminar todos os ocos, premamos no botón **3**. Tamén podemos xerar os ocos de forma aleatoria. Entón non marcamos nada e premamos no botón **4**.

Co botón **5** abrimos de novo o cadro de diálogo onde podemos introducir datos acerca dos ocos. No cadro aparece enriba o número do oco, logo a palabra eliminada e debaixo podemos introducir unha definición ou unha pista se queremos. Se non poñemos nada, o alumnado ten que deducilo do contexto.

Na parte de abaixo podemos introducir solucións alternativas que tamén poden ser correctas, xa que a miúdo non existe unha única solución correcta.

Alternativen zum Lückenwort

Lücke # 1

Wort fko

Definition

Alternative richtige Lösungen

1

2


3

OK

Hilfe

Logo, nas opcións xerais podemos axustar o funcionamento do exercicio ao que ten que enfrontarse o alumnado:

1. Se marcamos esta casilla, o alumnado non ten que escribir a palabra no oco, senón cando movo o cursor enriba da casilla, desprégase unha lista de todas as palabras que faltan nos ocos do exercicio.
2. Se marcamos esta casilla, ofrécese unha lista de todas as palabras que faltan nos ocos, mais hai que copialos para encher os ocos.
3. Se marcamos esta casilla, téñense en conta as maiúsculas e minúsculas.
4. Se marcamos esta casilla, en canto o alumno comeza a escribir nos ocos, desprégase debaixo unha casilla coas letras que non pertencen a cada teclado, como por exemplo: ß, ç, ä, ö, ü, ñ, α, ð, ε, σ, λ, π, Φ. Na liña debaixo podemos poñer as letras que queremos que estean incluídos. Se non escribimos nada, aparecen as máis comúns, mais non todas.
5. Aquí podemos definir o tamaño mínimo do espazo para que non se detecte a palabra que falta só porque cabe ben no espazo.
6. Finalmente, podemos definir un tempo máximo no que hai que facer o exercicio. Cando caduca o tempo, inicia a corrección automaticamente, sen premer no botón da corrección.



Por suposto, tamén podemos introducir imáxens ou arquivos de audio (multimedia) de internet ou do arquivo local, e podemos adxuntar un texto de lectura que aparecerá permanentemente ao carón da esquerda.

Se queremos introducir unha táboa, temos que pegala en formato HTML como texto de lectura ou como texto. Parece difícil, mais é moito mais fácil se se copia simplemente a táboa de abaixo e logo se cambian as datas introducidas. A esquerda ves a táboa en HTML, a dereita o aspecto que tería na páxina web onde traballa o alumnado. Claro que podes introducir máis liñas ou columnas ou eliminalas.

<pre><table border="1" cellpadding="1" cellspacing="1"><tbody> <tr> <td>al</td> <td>ins</td> <td>im</td> <td>en el</td> </tr> <tr> <td>a la</td> <td>in die</td> <td>in der</td> <td>en la</td> </tr> <tr> <td>a la playa</td> <td>zum Strand</td> <td>am Strand</td> <td>en la playa</td> </tr> </tbody></table></pre>	<table><tr><td>al</td><td>ins</td><td>im</td><td>en el</td></tr><tr><td>a la</td><td>in die</td><td>in der</td><td>en la</td></tr><tr><td>a casa</td><td>nach Hause</td><td>zu Hause</td><td>en casa</td></tr></table>	al	ins	im	en el	a la	in die	in der	en la	a casa	nach Hause	zu Hause	en casa
al	ins	im	en el										
a la	in die	in der	en la										
a casa	nach Hause	zu Hause	en casa										

E xa podemos exportalo arquivo para subilo en Moodle.